

1.-A que se denomina inmunidade dun organismo? 2.-Define inmunidade inespecífica e inmunidade específica.3.-Que función cumpren os glóbulos brancos na inflamación? 4.-Define antíxeno e anticorpo. 5.-As siglas SIDA proceden de síndrome de inmunodeficiencia adquirida. Explica esta denominación.

Resposta: 1.- Denomínase **inmunidade** dun organismo á capacidade para se defender fronte a substancias estrañas, organismos patóxenos e células cancerosas. 2.- **Inmunidade inespecífica** consiste no rexeitamento non selectivo de organismos patóxenos. **A inmunidade específica** baséase na capacidade dos organismos para actuar de maneira específica fronte a cada substancia ou axente patóxeno, capaz de esquivar as defensas inespecíficas e penetrar no seu interior.3.-Acuden a zona de inflamación, recoñecen os microorganismos patóxenos e os fagocitan.

4.- **Antíxeno**.- Calquera substancia que o noso organismo recoñece como lle estraña e desencadea, polo tanto, a resposta inmunitaria.

Un anticorpo é unha proteína sintetizada por un linfocito T que se une a un antíxeno.

5.- **Síndrome** é un conxunto de síntomas e signos. En moitos casos pode ser sinónimo de enfermidade. **Inmunodeficiencia** significa que existe un déficit no sistema inmunitario, é dicir, este non responde de forma eficaz ante os patóxenos. **Adquirida** emprégase en contraposición a conxénita, é unha síndrome que se adquire pola infección do VIH.

CUESTIÓNS :1.- ¿Por que cloramos a auga? Que ocorrería se non o fixésemos? 2.-Que é o cólera? 3.- Que é a salmonelose e cal é axente causante de dita enfermidade? 4.- A tuberculose que é e como se transmite? 5.-¿Que características comparten os microorganismos que causan enfermidades de transmisión sexual? 6.- Qué é a sífilis, cal é o axente causante e cal é o tratamento?.-7.- Son útiles os antibióticos para combatir una enfermidade vírica? Por que?

Respostas :

1-Para eliminar as bacterias que contén. Ademais outro efecto do cloro é oxidar algúns compoñentes orgánicos e inorgánicos da auga, co que elimina impurezas e olores. Se non cloramos a auga está podería conter bacterias patóxenas e transmitirnos enfermidades infecciosas. 2.-O cólera é unha enfermidade aguda, diarreica, provocada pola bacteria *Vibrio cholerae*. A infección generalmente é benigna ou asintomática, pero, ás veces, pode ser grave.

3.- A salmonelose humana é unha enfermidade infectocontaxiosa producida por enterobacterias do xénero *Salmonella*. Comprende un conxunto de cadros clínicos cuxa principal manifestación é a gastroenteritis aguda. É unha das intoxicacións alimentarias máis comúns causadas por auga e alimentos contaminados, especialmente carnes. 4.- A tuberculose, é unha infección bacteriana contagiosa que compromete principalmente os pulmóns, pero pode propagarse a outros órganos. A especie de bacterias máis importante e representativa causante de tuberculose é *Mycobacterium tuberculosis* ou bacilo de Koch. 5-A característica que comparten é que non poden vivir fóra do hospedador.Por iso a súa transmisión require un contacto moi íntimo, como o que se produce nas relacións sexuais, ao compartir xiringuillas ou nunha transfusión con sangue contaminado.

6.-A sífilis é unha infección de transmisión sexual crónica producida pola bacteria espiroqueta *Treponema pallidum*.A sífilis contáxiase principalmente por contacto sexual e pódese curar facilmente con antibióticos, como a penicilina.

7-Os antibióticos non son útiles no caso dunha enfermidade vírica, pois só son eficaces fronte ás bacterias.

